



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA (IEO) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA) PARA O "CONTROL DO FITOPLÁNCTO TÓXICO NAS RÍAS GALEGAS"

M^a Covadonga Salgado Blanco, directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), ente público adscrito á Consellería do Mar, cargo para o que foi nomeada no Decreto 243/2009, do 23 de abril (DOG. Núm. 79, do 24 de abril de 2009), DECLARA:

- Que o Intecmar ten previsto formalizar co Instituto Español de Oceanografía (en diante IEO), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á sinatura do convenio ata o 31/12/2017.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (a través do IEO), por medio dos seus Centros Oceanográficos de Vigo e A Coruña, e a Xunta de Galicia (a través do INTECMAR) na realización de mostraxes oceanográficas nas augas das rías galegas e no control da presenza de fitoplancto tóxico. Neste marco de colaboración, se busca acadar dous obxectivos xerais:
 - Desenvolver a investigación e control sobre os fenómenos das "mareas vermellas" ocasionadas polo fitoplancto tóxico nas augas das rías galegas.
 - Levar a cabo o control das augas das rías, mediante a análise do plancto para detectar a presenza e concentración de organismos potencialmente tóxicos, así como aqueles parámetros que de xeito illado ou conxunto, poidan ter influído sobre a presenza de biotoxinas nos moluscos nas augas das rías galegas.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: O INTECMAR como ente público adscrito á Consellería do Mar, que ten entre as súas potestades administrativas a aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, e entre outras, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas.





Neste senso, vense desenvolvendo unha mostraxe con periodicidade semanal ao longo do ano en toda a costa galega, e especialmente nas rías onde os cultivos e recursos mariños son mais importantes, determinando as condicións hidrográficas, e composición da comunidade fitoplanctónica, os pigmentos fotosintéticos e a concentración de nutrientes, co fin de predicir, detectar e seguir a evolución das especies, con especial incidencia nas especies potencialmente tóxicas. Esta mostraxe vense facendo coa colaboración dos Centros do Instituto Español de Oceanografía de Vigo e A Coruña e utilizando os buques oceanográficos "B.O. Navaz" e "B.O. Lura" e o apoio e colaboración das súas tripulacións.

Dado que unha das actividades do IEO a constitúe a investigación para o coñecemento dos fenómenos das mareas vermellas ocasionadas polo fitoplancto tóxico e dados os excelentes resultados obtidos da colaboración existente entre o IEO e o INTECMAR, ?resulta imprescindible a formalización dun convenio para o ano 2016-2017, tal e como se viña facendo en anos anteriores, posto que, en caso contrario produciríase a paralización das mostraxes e, polo tanto, o seguimento das especies potencialmente tóxicas, derivándose de tal situación consecuencias graves, tanto para a produción de moluscos bivalvos como para a seguridade alimentaria.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Vilaxoán a 29 de marzo de 2016

A directora de INTECMAR

M^a Covadonga Salgado Blanco